



EXPERIENCIA ERASMUS +

Participante: Jenifer Souto Pérez

Curso 2018/2019

***‘Viaxar...Volar coñecendo outras ramas.
Recorrendo camiños. Tentando cambiar.’***

G.García Marquez

Introducción

O programa Erasmus + ten como obxectivo atender as necesidades de ensino e aprendizaxe de todos os participantes na formación profesional de grao medio e de grao superior (incluídas as estadias transnacionais de estudantes en empresas), nas ensinanzas artísticas superiores e no ensino universitario -calquera que sexa a duración dos estudos, incluídos os de doutoramento-, así como das institucións que imparten estes tipos de formación. Ao longo da seguinte memoria detallárase a experiencia vivida durante o programa Erasmus+ como participante do mesmo.

Onde...?

O programa Erasmus+ deume a oportunidade de somerxerme durante tres días na cultura de Bratislava, capital de Eslovaquia que conta aproximadamente con 446.819 habitantes e que se sitúa a costas do Danubio, cerca das fronteiras con Austria e Hungría.

A aventura deu comezo o día 25 de marzo de 2019, rematando o día 27 do mesmo mes, no centro de acollida. Trátase dunha escola fundada en 1960, integrada por 49 profesores internos e 163 externos.



No centro de acollida lévanse a cabo os estudos:



- Técnico en nutrición
- Técnico Farmacéutico
- Fisioterapia
- Técnico Ortopédico
- Técnico de Laboratorio Médico
- Asistente dental



Obxectivos...

- Intercambiar experiencias profesionais no campo da saúde, que nos permita innovar no noso ámbito de traballo.
- Actualizar e aprender novos coñecementos teórico prácticos relacionados coa organización de espazos educativos, así como adquirir novas competencias profesionais.
- Profundar e reflexionar a través da discusión e confrontación de diferentes puntos de vista, sobre as características dos diferentes modelos educativos.


Actividades realizadas...

O PRIMEIRO DÍA...

O primeiro día acudín ao centro de acollida, onde Ms. Tunova, coordinadora do proxecto agardaba por min e por as alumnas que iniciaban ás prácticas de FCT.

Tan pronto nos presentamos, acompañadas por Tunova, puxémonos rumbo ao hospital *Cyril and Methodius*, onde comezarían as prácticas as alumnas e tería a oportunidade de visitar o hospital.


No hospital, estivemos na unidade de hematoloxía, nos laboratorios que a comprenden e, ademais a visita levounos a coñecer tamén a unidade de coidados hematolóxicos intensivos, na cal se atopaban ingresados os pacientes transplantados de medula. Unha oportunidade única para saber máis acerca do funcionamento do hospital público, situado en Antolská (Bratislava)



O SEGUNDO DÍA...


A oportunidade para coñecer o instituto de primeira man. En primeiro lugar, a coordinadora Ms Tunova explicou o sistema educativo de Eslovaquia e indicounos o funcionamento do propio centro.

Despois foi momento da nosa presentación, na que se falou non solo da nosa cidade, cultura e sistema educativo senón tamén do noso centro, o CIFP Ánxel Casal, do tipo de estudos, das instalacións e profesores.



Tras as exposicións, a coordinadora ensinounme o centro, cada unha das aulas e instalación que o compoñen. Hai 13 aulas no edificio escolar, das cales 8 son especializadas. As aulas profesionais están equipadas para ensinar anatomía e fisioloxía, enfermía, primeiros auxilios, fisioterapia, hixiene dental, farmacoloxía, linguas estranxeiras, lingua y literatura eslovaca, historia y educación cívica (estas últimas son temas que teñen todo o alumnado como obrigatorias, independentemente da especialidade que elixan).





Aula- taller de hixiene dental



Aula- taller de fisioterapia



Laboratorio




Taller de farmacia



Taller de dietética



Biblioteca



Corredores do centro

O TERCEIRO DÍA...

O terceiro día, tiveron a oportunidade de asistir a dúas clases no centro.

Unha delas de dietética, de preparación de alimentos.

Nesta, o alumnado, por grupos, elaboraba receitas, analizaban os ingredientes, o seu prezo e posteriormente levaban a cabo. Fun tan afortunada que puiden probar unha das receitas: unhas espectaculares tortiñas de avena que varios alumnos prepararon nese mesmo intre.



Despois, asistín a unha clase de anatomía, na cal estaban estudando a anátomo-fisioloxía do aparato circulatorio. Algo que me chamou moito a atención foi o feito de que en ningún caso as clases superaban os 8 alumno/as.

Despois destas interesantes clases, visitamos unha clínica dental, na cal estaban realizando prácticas varios alumnos/as do centro de Bratislava que visitaba.

Foi unha interesante visita, na que non solo explicaron o funcionamento da mesma senón que tamén nos mostraron todas as instalacións que a conformaban así como as diferentes especialidades que trataba a clínica.

E, o día aínda non acababa aquí, pois este día celebrábase en Bratislava o día do Profesor/a e, sen dúbida foi unha experiencia inesquecible pois a forma de celebralo é realizando un torneo de petanca no que todos os profesores/as participan. Tras o remate do mesmo, todo o equipo reúnese para comer e tiveron a gran fortuna de ser invitada a dita comida. A degustación foi na escola de Hostalaría de Bratislava, onde non solo probamos maravillosos pratos típicos senón que tamén contamos con algún alumno/as que nos deleitaron con cantigas, melodías e bailes.



Celebración do día do mestre.



Xogo da petanca

Conclusión

Sen dúbida algunha a experiencia foi positiva, as expectativas foron satisfeitas e os obxectivos propostos cumpríronse na súa totalidade.

Foi unha importante oportunidade de coñecer como é a educación da nosa familia profesional noutro país europeo, obténdose información útil sobre o funcionamento do centro de acollida.

A conclusión máis relevante foi poder analizar e comprobar todo o entorno profesional pois, no solo tiven a oportunidade de coñecer o centro de formación do alumnado senón tamén dúas entidades colaboradoras co mesmo, onde os alumnos realizaban as prácticas profesionais. Deste xeito, descubrín novos frontes de coñecemento ademais de posibilidades para que nun futuro os nosos alumnos poidan realizar proxectos similares (FCT ou outras) nestes sectores da saúde de Bratislava.

Gustárame finalizar, animando a todo o profesorado a realizar este tipo de actividades de formación que non solo enriquecen a nivel profesional senón tamén no máis grande nivel persoal.

Agradecementos

O meu máis sincero agradecemento ao centro CIPF Ánxel Casal-Monte Alto de A Coruña, en especial ao equipo directivo, que facilitou en todo momento a realización deste proxecto e por suposto a Coordinadora de Programas Internacionais, Cristina Vázquez, pois sen a súa axuda, o proxecto non se podería levar a cabo.

Tamén agradecemento a coordinadora da entidade de acollida Ms. Tunova que me acolleu da mellor maneira e facilitoume todo o posible a estadía cunha impecable profesionalidade, así como ao resto de equipo do profesorado do centro que colaborou no mesmo.